


Proxecto Comenius do IES A Pinguela de Monforte

Visita das escolas de Polonia e Italia a Monforte

No proxecto de MedioAmbiente que estamos realizando no Instituto A Pinguela de Monforte, e como unha parte máis do proxecto visitáronnos os nosos socios: dúas profesoras e dous alumnos de Nole-Turin (Italia) e un profesor e dous alumnos de Katowice-Silesia (Polonia).

Chegaron o día 1 de abril e como soe suceder nestes últimos anos, ós compoñentes do equipo polaco extraviáronlle as maletas, e non as recuperaron ata o día catro. Superados estes pequenos contratempos, os compoñentes das tres escolas realizaron un percorrido por Santiago de Compostela, visitando os lugares máis emblemáticos desta cidade. Ó chegar a Monforte os alumnos foron recollidos polos seus respectivos compañeiros da Pinguela e as súas familias, e os profesores hospedáronse nun hotel.

O segundo día, visitamos Montefurado, onde lles explicamos o proceso mediante o cal os romanos construíron un túnel para desviar o cauce das augas do río Sil e así, ó quedar sen auga, tratábanse os limos e sedimentos dos que sacaban o ouro. Percorremos A Rúa e o seu complexo natural e deportivo nas augas embalsadas do río, continuamos ata O Barco de Valdeorras, onde despois de disfrutar do seu espléndido malecón visitamos a casa grande de Viloira, onde xantamos.



Pola estrada vella N-120, fixemos unha pequena parada en Sobradelo para ver a súa ponte romana, que foi feita cos cantos rodados do río Sil. Aquí atópase unha desviación cara ás canteiras de lousa, os montes de Trevinca e o famoso bosque do Teixedal.

Visitamos o lago de Carucedo, e xa no **Complexo das Médulas**, os nosos visitantes asombráronse da magna obra realizada polos

romanos, na que traballaron miles de escravos extraendo toneladas de ouro durante moitos anos. Tamén puideron comprobar o que pode producir economicamente un lugar declarado Patrimonio da Humanidade, xa que observaron como toda a zona estaba chea de restaurantes, casas de turismo rural, tendas de produtos artesanais, bos accesos, e todo un contorno perfectamente conservado e coidado.

O día seguinte dedicámosllo á Ribeira Sacra e a Ourense. Visitamos o Mosteiro Cisterciense de Ferreira, e no edificio do concello recibíunos o Alcalde. No campo da feira, situado nun outeiro, gozamos dunha fermosa panorámica do Val de Lemos, que naquel intre se atopaba cuberto pola néboa.

Por unha tortuosa estrada chegamos a Pombeiro, onde visitamos a igrexa románica, e despois de camiñar por un sendeiro á beira do Sil, chegamos ás tumbas antropomorfas do Preguntoiro, que se poden ver nunha paraxe de gran beleza. En Pombeiro os nosos visitantes disfrutaron coas moitas fontes de auga (fontes, mananciais e fervenzas).



Visita á igrexa románica de Pombeiro

Dende Os Peares, pobo que pertence a dúas provincias e catro concellos, e seguindo a beira esquerda do río Miño chegamos a Ourense, onde comemos e descansamos da intensa mañá.

Pola tarde visitamos a fonte de máis grande sona de Galicia, que é a fonte das Burgas, percorremos a zona antiga da cidade, visitando entre outros monumentos, a

catedral; nesta viaxe fomos acompañados pola profesora de Arte do noso instituto, Flora Enríquez.

O martes visitaron as Rías Baixas, con Pontevedra e Vigo.

O mércores, pasamos o día no Instituto; mostrámoslles o Xardín Botánico e o Planetario, asistindo ás clases cos nosos alumnos, e foron recibidos pola dirección do Instituto e polo inspector. Logo comemos no centro cos alumnos da Pinguela e pola tarde fixemos a avaliación do proxecto e comenzamos a redactar a memoria final.

O xoves voltaron ós seus países.



O Proxecto Comenius que estamos a rematar ten unha duración de tres anos, sendo este o terceiro. O título do proxecto é: *O Medio Ambiente nas nosas vidas*, e nel fixemos unha serie de actividades entre as que podemos destacar:

- Viaxes transnacionais, visitamos Italia e Polonia en dúas ocasións, o mesmo que fixeron as outras escolas visitando os outros dous países.
- Calendarios anuais que preparamos en Monforte e logo enviamos ás outras escolas.
- Celebracións de datas concretas: o día da árbore, o día da natureza, etc. ,

- Recaudamos fondos que logo enviamos a Intermón para axudar ós dannificados do tsunami en Asia.
- Preparamos xogos educativos (un xogo de parellas, onde había que emparellar as características dalgunha árbore coa súa foto)
- Fixemos unha Unidade Didáctica que tiña coma base a *Ruta de Sendeirismo* (que recuperamos e sinalizamos) *dos Muíños*. Esta unidade didáctica utilizaba os diversos aspectos que se atopan nela, para ser estudiada en distintas disciplinas como: botánica, historia, etnografía, etc. Esta unidade tamén conta cunha clave dicotómica coa que poder determinar as distintas especies de árbores e arbustos que se atopan no camiño e que tamén temos no noso Xardín Botánico.
- Preparamos un catálogo das fontes do noso Val, tendo catalogadas máis dun cento delas. Coa axuda do concello de Monforte e de Voz Natura, preparamos o catálogo, situando as distintas fontes nas súas coordenadas xeográficas, coas súas fotos correspondentes e indicando o acceso ás mesmas. Este catálogo poñémolo a disposición do Concello para que faga as distintas análises e/ou actuacións sobre, polo menos, as fontes máis usadas, dando a coñecer ó público en xeral as análises de potabilidade e reparando as que estean a piques de perderse.
- Os nosos proxectos dámoslos a coñecer nos medios de comunicación locais, provinciais e autonómicos, e tamén en congresos internacionais ós que levamos o proxecto e ó mesmo tempo aproveitamos para promocionar o noso Val de Lemos, a Ribeira Sacra e Galiza. Pódense citar congresos en, Grecia, Egipto, Italia, Suecia, Escocia, Hungría, Polonia, China ou Alemania.

